

O solpor do fracaso

Laura PIÑEIRO PAIS

«Non pode ser vinte e catro de novembro toda a vida». Esta reflexión era a última que lle quedaba por embalar. As luces da autoestrada transformábanse no seu maxín nun resplandor que sen dúbida lle resultaba familiar. “Oh you make me live now”, cantaruxaba mentres os ollos daquela voluptuosa silueta lle reprobaban a súa actitude pueril. Non era consciente do tempo que lle quedaba para chegar ao seu destino, pero a efíxie da súa exasperación podía observarse xa representada nos cristais do automóbil. A medida que o tempo transcorría e as recriminacións do seu acompañante comezaban a incomodala, optou por manter un sorriso mordaz para que a perplexidade silenciase o que ela non conseguía.

A solución do cambio de cidade era unha quimera na que porfiaba todo aquel que participaba na súa función e, sen ter en conta a súa opinión, organizáronlle unha despedida case esperpéntica na que non faltaron agasallos, comida a mancha e bágoas tinxidas de incrédula compaixón. Mentres os seus familiares insistían en abelloala con ridículas cancións de despedida, ela centrou a súa atención nunha rula que petaba insistentemente nunha das fiestras do comedor. Nese intre —e realmente en todos dende semanas atrás— foi incapaz de mudar a súa posición estática, como tampouco puido acenar coa cabeza. A visión do animal converteuse nunha especie de alucinación na que confluían algúns episodios da súa vida pasada e outros que con certeza xamais se producirían. De súpeto, o movemento obstinado do paxaro cesou e a imaxe ennegreceu ata converterse nun burato entre as tebras. Non sabería precisar con exactitude a duración daquela ilusión, pero cando volveu en si o animal xa desaparecera deixando unicamente a pegada dun amor esquecido.

Os minutos, ou quizais horas, transcorrían de forma vagarosa e sentía como a boca se lle ía secando. A muller que a acompañaba apuntaba nunha mediocre revista de encrucilladas todas as palabras que se lle ían ocorrendo, facendo caso omiso da tentativa de movemento da persoa que se atopaba ao seu carón. Como un último recurso para chamar a súa atención, comezou a aturrarlle unha infinidade de insultos da forma máis vulgar posible, pero non obtivo ningunha resposta. A silueta permanecía impasible nun recuncho afastado do vehículo, en silencio. O tremor resultáballe case insupportable e por primeira vez na súa vida tivo medo de esmorecer. Necesitaba só un máis, o último, por piedade. Así que, cando o abatemento xa non a deixaba pensar con claridade, botouse a chorar e sentiu unha forte puntada na cavidade torácica. Nese intre xurdiu na faciana da enfermeira a imaxe daquela ave que chamara ás portas da súa vida a mañá anterior, pero esta xa non reflectía a beleza de outrora, senón que perdera os folgos naquela apática mañá de verán. E así, mentres saloucaba polo infortunio dun animal que lle traía tantos recordos, percibiu que o coche se detiña. Por fin chegara ao seu destino.

Baixaron a padiola sen moito tino e a muller das encrucilladas bufou aliviada mentres estiraba as pernas. O clima da cidade era moito máis apracible que o da vila, aínda que ela o cambiaría sen dubidar por calquera dos xélidos invernos da súa xuventude. Cando a trasladaron ao interior do hospital observou a través da fiestra o que con seguridade sería o seu último solpor, o solpor dun fracaso que, coma ela, se perdera entre o verde e a verdade, aquel que lle recordaba que toda a vida ía ser vinte e catro de novembro.